



COMO SE REALIZA A VIXILANCIA DE VECTORES EN
GALICIA?
A REDE GALEGA DE VIXILANCIA DE VECTORES
(REGAVIVEC)



Cristina Prieto Paredes.
Técnico Veterinario do servizo de epidemioloxía.

23/09/2024





As enfermidades transmitidas por vectores son o grupo de enfermidades que máis están crecendo no mundo. Numerosos vectores atópanse en gran parte de Galicia (mosquitos Culex, Aedes e Anopheles, carrachas da familia Ixodidae (principalmente Hyalomma, Ixodes, Rhipicephalus, Dermacentor e Haemaphysalis) e flebótomos **PERO NON QUERE DECIR QUE SEXAN INFECCIOSOS.**


Según a OMS, os vectores son organismos vivos que poden transmitir patóxenos infecciosos entre persoas ou de animais a persoas. Moitos deses vectores son artrópodos hematófagos que inxieren os microorganismos patóxenos xunto con sangue dun portador infectado (persoa ou animal) e posteriormente os transmiten a un novo portador, unha vez replicado o patóxeno. Podería ocorrer que unha vez que é infeccioso, poida transmitir o patóxeno o resto da súa vida en cada picadura o inxestión de sangue posterior.

Deben coincidir para a existencia de transmisión: axente infeccioso, vector competente, un hóspede susceptible (humano o animal) e condicións ambientais adecuadas.



Moitas enfermidades **xa estaban presentes** na nosa comunidade, como o Lyme ou a Leismaniaise, outras considéranse **emerxentes** (presentes en España pero non en Galicia, como a Febre do Nilo occidental ou a febre hemorráxica Crimea-Congo), vinculadas a introducción de axentes infecciosos e transmitidas por vectores presentes no territorio. Por último, a introducción e establecemento de **vectores exóticos**(Ae.albopictus)

Enfoque ONE HEALTH para preservar a saúde abarcando a interconexión da saúde humana, animal e o medio ambiente a nivel tanto mundial,estatal, da comunidade autónoma e dos concellos.



FACTORES QUE CONTRIBUIRÍAN Á PROPAGACIÓN DAS ETPV:

- ★ Aumento de viaxes e comercio internacional
- ★ Cambio climático (T^a e pluviosidade)
- ★ Cambios sociodemográficos e medioambientais

MEDIDAS A REALIZAR:

Vixilancia das enfermidades tanto en persoas como animais domésticos e silvestres.

Vixilancia entomolóxica para a detección e cuantificación dos vectores así como a presenza de patóxenos nos mesmos.

Realización de MAPAS DE RISCO con tódolos datos.

RENAVE (Rede nacional de vixilancia epidemiolóxica): Centraliza a información das EDO e dos abrochos dende 1995. Ante unha alerta, habería implicación estatal e autonómica.

A AGE, as CCAA e as administracións locais realizaron numerosas actuacións en relación coas ETPV.

PLAN NACIONAL DE PREVENCIÓN, VIXILANCIA E CONTROL DE ENFERMIDADES TRANSMITIDAS POR VECTORES

https://www.sanidad.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/activPreparacionRespuesta/doc/PLAN_DE_VECTORES.pdf

*Integra tódolos esforzos realizados polas institucións e profesionais.

*Impulsa as actuacións necesarias para unha maior integración da resposta fronte ao risco para a saúde pública que supoñen estas enfermidades.

*Divídese en 3 partes: Aedes, Culex e carrachas.





CREACIÓN DO REGAVIVVEC

No 2017 nace a Rede Galega De Vixilancia de Vectores, ReGaViVec, mediante convenio entre as consellerías de Sanidade, Medio rurale as universidades de Santiago de Compostela e Vigo, primeiro centrándose en mosquitos (2017) e no ano 2018 ampliase ás carrachas.



Créase para poder controlar a posible transmisión de enfermidades vectoriais en Galicia. É necesario coñecer a densidade, distribución espazo-temporal e o grao de infestación dos vectores presentes no noso territorio e adiantarnos á chegada e instalación dos novos.

ORGANISMOS QUE COMPOÑEN O REGAVIVEC

- **Consellería de Sanidade**---- Financia o proxecto e coordina a Rede.

- Dirección Xeral de Saúde Pública



- **Consellería de Medio Rural**---- Asesoramiento técnico, colocación de trampas, recollida de capturas e envío ás USC e UV en canto a mosquitos e promoción da comunicación cos TECORES e envío de carrachas atopadas en xabaríns no caso de carrachas.



- Dirección Xeral de Ganadería, Agricultura e Industrias Alimentarias

- **USC:**

- Departamento de Parasitología. Facultad Veterinaria



- Departamento de Zooloxía, Xenética e Antropoloxía Física. Facultad de Biología.

- **U.VIGO:**

- Departamento de Ecología e Bioloxía Animal. Facultad de Biología

 Universidade de Vigo

Mosquitos

- Mosquitos (Diptera: Culicidae) de Galicia

Anopheles: vectores da malaria

Aedes: vectores do dengue e outras arboviroses (Chikunguña, Zika...)

Culex, Coquillettidia e Culiseta: vectores de VNO e outras arboviroses

- Flebótomos (Diptera: Psychodidae) de Galicia

Vectores da leishmaniose.

- Especies invasoras con capacidade vectorial (Ae.aegypti, Ae.albopictus, Ae.japonicus) --- Descubremento gracias a Mosquito alert da introdución do Ae.albopictus no Morrazo no 2023 (primeiro en Moaña, posteriormente Vigo, Cangas, Redondela e Vilaboa).

Implicacións sanitarias e distribución actual

Vixilancia entomolóxica (ReGaViVec) ---- Detección de vectores invasores en Galicia, monitorización das poboacións nativas de mosquitos e carrachas.

Prevenición e control de posibles brotes de enfermidades vectoriais.

Colaboración interdisciplinar (medicina, veterinaria, bioloxía...).

Mellora da saúde pública (One Health).



A USC e a UV aportan o seu coñecemento sobre os mosquitos vectores para a saúde humana e animal en Galicia:

- Posta de trampas, mantemento, recollida de mostras e envío ás dúas universidades, tanto polo persoal propio como da Consellería do Medio Rural, administracións locais colaboradoras ou outras entidades que poidan colaborar na colocación de trampas.
- Actualización das bases de datos de especies de interés vectorial.
- Aumentar as mostraxes en caso de riscos en zonas determinadas.
- Asesoramiento ás entidades locais e Consellerías competentes.

O plan de vixilancia entomolóxica establecido no ámbito REGAVIVEC

Monitorización das poboacións de dípteros con interese vectorial existente no territorio galego mediante a toma de mostras en puntos críticos do mesmo.

1- ÁREA DE ESTUDO

Os puntos de mostraxe seleccionáronse tendo en conta varios factores:

- Os posibles puntos de entrada de especies invasoras (aeroportos, portos, estacións de tren, estradas, etc.)
- As preferencias ecolóxicas das femias para a cría (áreas de ribeira, depuradoras, etc); áreas asociadas a posibles hóspedes de patóxenos (explotacións gandeiras, centros ecuestres, etc.).
- Áreas fronteirizas e/ou aledañas a reportes deste tipo de dípteros.



1) A monitorización ambiental establecida no ano 2023 contou cun total de 150 puntos de mostraxe (105 puntos de mostraxe pasivo e 45 puntos de mostraxe activo) repartidos en 71 concellos ó longo de toda Galicia.

2) Concellos e outras entidades coma colaboradores activos na rede entomolóxica: No pasado ano 2023, a Rede Galega de Vixilancia de Vectores contou coa colaboración activa de 7 concellos: Sarria, en Lugo; Rairiz de Veiga, en Ourense; e Moaña, Redondela, Tomiño, Vilaboa e Vigo, en Pontevedra. Ademais, tamén se contou coa participación do Punto de Atención Continuada (PAC) de Viana do Bolo.

2-MATERIAIS E MÉTODOS

Os materiais e métodos empregados no traballo de campo descríbense en función de se as mostraxes son pasivas (posta e recollida de trampas) ou activas (recollida directa de mostrax en masas de auga). O traballo de laboratorio ven definido pola análise e identificación das mostrax.

As mostraxes pasivas realizáronse empregando catro tipos de trampas diferentes, as cales colocáronse ao longo da área de estudo en función das características de cada punto de mostraxe (posibilidade de conexión á corrente, presenza permanente de luz artificial, etc.)

2.1- MOSTRAXE PASIVA-TIPO DE TRAMPAS

As trampas máis empregadas foron, dende 2017, a trampa de succión BG-Sentinel2 e a Ovitrapa BG-GAT (Gravid Aedes Trap).

BG-SENTINEL---ADULTOS
CDC LUZ ULTRAVIOLETA E BRANCA---
ADULTOS
BG-GAP---FEMIAS GRÁVIDAS,OVOS,PUPAS
E LARVAS.
BG-PRO---ADULTOS,CON CO2.

Fotos informe

Regavivec2023



(A)BG-Sentinel (adultos)

(B)BG-GAP (ovos, pupas e larvas)

(C)CDC Ultravioleta (adultos)



2.2- MOSTRAXE ACTIVA

Técnica de dipping Recolección directa de estadio inmaduros de culícidos (ovos, larvas e pupas) mediante a introdución dun recipiente de 350 mL (dipper) no medio hídrico do cal se van obter as mostraxas.



MOSQUITO ALERT

Por outro lado, as **iniciativas da ciencia cidadá**, permiten a participación de calquer persoa na vixilancia e o control dos vectores co respaldo de expertos para validar a información.



Mosquito Alert



Mosquito Alert é un proxecto de ciencia cidadá cooperativo sen ánimo de lucro, coordinado por diferentes centros de investigación públicos. O obxectivo é estudar, vixilar e loitar contra a expansión de mosquitos invasores capaces de transmitir enfermidades globais como o dengue, o Zika ou a febre do Nilo Occidental.. A vixilancia lévase a cabo coa **app Mosquito Alert**.

O emprego de aplicacións de teléfonos móbiles para obter notificacións procedentes dos cidadáns, permiten elaborar mapas de risco e xerar modelos, e dende as que, á vez, pódense dar recomendacións de saúde aos mesmos, considéranse ferramentas moi funcionais que deben ser incluídas dentro da vixilancia e a xestión integrada dos vectores.

CARRACHAS

Principais carrachas identificadas en Galicia. Actividade coma vectores.

- Ixodes ricinus
- Ixodes hexagonus
- Dermacentor reticulatus
- Dermacentor marginatus
- Rhipicephalus sanguineus
- Rhipicephalus bursa
- Hyalomma marginatum



Cómpre salientar que o simple illamento do axente infeccioso nunha carracha non a converte nun vector real. Para coñecer a circulación dos patóxenos é preciso ter coñecemento da distribución e períodos de actividade das carrachas que actúan como vectores, e en caso de zoonoses, realízanse estudos de presenza de antíxenos ou anticorpos en animais que compartan a mesma enfermidade, aínda que en moitos casos non desenvolvan un cadro clínico.



Con respecto ás enfermidades poden clasificarse en:

-**Emerxentes**: Detectadas fai relativamente pouco tempo, por su distribución desigual, pola sua tendencia crecente e a súa gravidade.

-**Endémicas**: Coñecidas no noso país dende fai moitas décadas e nos casos humanos detéctanse en practicamente toda a xeografía.

-**Potencialmente emerxentes**: Non presentes na actualidade pero que poden aparecer.

Principais xéneros de carrachas en Galicia	Especies de maior importancia zoonósica en Galicia	Hospedeiros principais	Enfermidades transmitidas	Axente etiolóxico
<i>Ixodes</i>	<i>I. ricinus</i>	Diversos mamíferos (entre eles o home)	<ul style="list-style-type: none"> • Enfermidade de Lyme • Encefalite transmitida por carrachas • Anaplasmose • Babesiose • Rickettsiose 	<ul style="list-style-type: none"> • <i>Borrelia burgdorferi</i> • TBEV (Flavivirus) • <i>Anaplasma phagocytophilum</i> • <i>Babesia microti</i> • <i>Rickettsia conorii</i>
	<i>I. hexagonus</i>	Ourizos, pequenos mamíferos silvestres, cans	<ul style="list-style-type: none"> • Anaplasmose 	<ul style="list-style-type: none"> • <i>Anaplasma phagocytophilum</i>
<i>Dermacentor</i>	<i>D. reticulatus</i>	Can, vacúns, cérvidos, ovellas	<ul style="list-style-type: none"> • Babesiose • Rickettsiose 	<ul style="list-style-type: none"> • <i>Babesia canis</i> • <i>Babesia caballi</i> • <i>Rickettsia slovacica</i>
	<i>D. marginatus</i>		<ul style="list-style-type: none"> • Rickettsiose • Tíbola • Turalemia • Encefalite transmitida por carrachas 	<ul style="list-style-type: none"> • <i>Rickettsia slovacica</i> • <i>Rickettsia raoultii</i> • <i>Francisella tularensis</i> • TBEV (Flavivirus)
<i>Rhipicephalus</i>	<i>R. sanguineus</i>	Can	<ul style="list-style-type: none"> • Febre botonosa do Mediterráneo • Ehrlichiose • Babesiose 	<ul style="list-style-type: none"> • <i>Rickettsia conorii</i> • <i>Ehrlichia canis</i> • <i>Babesia canis</i> • <i>Babesia gibsoni</i>
	<i>R. bursa</i>	Ovellas, cabras, vacúns	<ul style="list-style-type: none"> • Anaplasmose • Babesiose 	<ul style="list-style-type: none"> • <i>Anaplasma marginale</i> • <i>Babesia caballi</i> • <i>Babesia equi</i> • <i>Babesia ovis</i>
<i>Hyalomma</i>	<i>Hy. marginatum</i>	Vacún, equino, raposo, xabarín, cervo e lebre. Ocasionalmente o home	<ul style="list-style-type: none"> • Febre hemorráxica Crimea-Congo • Babesiose • Theileriose 	<ul style="list-style-type: none"> • <i>Nairovirus</i> • <i>Babesia caballi</i> • <i>Theileria annulata</i>

Táboa 1. Principais especies de carrachas identificadas en Galicia, hospedeiros e enfermidades que poderían transmitir.

Plan de Trabajo grupo COPAR 2023.




Figura 3. Plan de traballo no ano 2023.

– 46 carrachas extraídas de **cabalos** da provincia de Lugo e 209 de **vacas** de Lugo e Pontevedra(255),

--**CRFS**: 266 carrachas a partir de 22 animais silvestres.

A USC, a través do grupo COPAR, aporta o seu coñecemento sobre as carrachas vectoras de interese para a saúde humana e animal en Galicia:

- Protocolos para a recollida de carrachas tanto no medio como en animais e en humanos.
- Actualización das bases de datos de especies de interese vectorial de enfermidades identificadas.
- Aumentar as mostraxes de campo ou a través de TECORES, clínicas veterinarias, veterinarios clínicos de campo e centros de saúde ou si se detectan en caso de riscos, nalgunha zona determinada.
- Asesoramiento ás entidades locais e Consellerías con competencia.
- Intensificación na búsqueda do xénero Hyalomma e analizar a infestación polo virus de Crimea-Congo.
- Traslado e procesado de mostraxas recollidas por ela ou recibidas por entidades colaboradoras, veterinarios clínicos, clínicas veterinarias, centros de saúde, TECORES, particulares, CRFS...
- Análise de infestación por diversos axentes (borreliose de Lyme, anaplasmoses,...) tanto nas carrachas como nos animais hóspedes segundo técnicas serolóxicas e moleculares definida para cada un dos axentes.



REDE GALEGA DE VIXILANCIA DE VECTORES (REGAVIVEC)

Mosquitos e carrachas son vectores de diferentes enfermidades presentes en Galicia, como a leishmaniose (mosquito do xénero *Phlebotomus*), a febre exantemática mediterránea (fundamentalmente a carracha do can *Rhipicephalus sanguineus*) e a enfermidade de Lyme (fundamentalmente carrachas *Ixodes ricinus*). Isto quere dicir que, en Galicia, están presentes mosquitos e carrachas infectados cos microorganismos que dan orixe a estas enfermidades.

En Galicia tamén hai mosquitos e carrachas que son vectores doutras enfermidades, como a debida ao virus do Nilo Occidental (mosquito do xénero *Culex*), dengue, chikungunya ou zika (mosquito *Aedes albopictus*) ou a febre hemorráxica de Crimea-Congo (carracha do xénero *Hyalomma*), que non están a transmitir estas enfermidades en Galicia por non estar infectados cos microorganismos que as producen. Non obstante, esta situación pode mudar se os mosquitos ou as carrachas se infectan e acadan a densidade necesaria. De feito, xa houbo casos humanos da enfermidade debida ao virus do Nilo Occidental que a adquiriron no sur da península Ibérica, e de febre hemorráxica de Crimea-Congo que a adquiriron en Castela e León.

Para poder deseñar intervencións que permitan controlar a transmisión destas enfermidades en Galicia, é preciso coñecer a densidade, distribución espazo-temporal e, no seu caso, grao de infestación dos vectores que xa están presentes no noso territorio, e detectar a chegada e instalación dos que aínda non o están. Para poder deseñar intervencións que permitan controlar a transmisión destas enfermidades en Galicia, é preciso coñecer a densidade, distribución espazo-temporal e, no seu caso, grao de infestación dos vectores que xa están presentes no noso territorio, e detectar a chegada e instalación dos que aínda non o están.

Para dar conta destas tarefas en 2017 constituíuse a Rede Galega de Vixilancia de Vectores, ReGaViVec, mediante o convenio entre as consellerías de Sanidade e do Medio rural, posto que os vectores son tamén de enfermidades animais, e as universidades de Santiago de Compostela e Vigo. En 2017 xa se recolleu información sobre a presenza de mosquitos en Galicia e, en 2018, vaise recoller tamén información sobre carrachas.

Nas ligazóns da dereita pódese acceder aos informes de ReGaViVec e a outras páxinas sobre vixilancia de vectores, e, nos de abaixo, a información sobre as enfermidades humanas transmitidas por mosquitos e carrachas máis relevantes en Galicia.

ReGaViVec
Rede Galega de Vixilancia de Vectores

Carrachas	>
Mosquitos	>

PLAN NACIONAL DE
PREVENCIÓN,
VIXILANCIA E
CONTROL DE
ENFERMIDADES
TRANSMITIDAS POR
VECTORES

Ligazón ao Plan

NO VENRES
EPIDEMIOLÓXICO

Rede Galega de
Vixilancia de Vectores
(REGAVIVEC)

INFORMES
REGAVIVEC

Informe 2023

Informe 2022

Informe 2021

Informe 2020

Informe 2019

Informe 2018

Informe 2017


OUTRAS WEBS

REVIVE-PORTUGAL



Vixilancia de carrachas
vectores de enfermidades
humanas e animais

INFORME REGAVIVEC
Grupo de Investigación COPAR




A colaboración coas Clínicas Veterinarias realízana os investigadores do Grupo COPAR, da USC, unidade membro da ReGaViVec. A Dirección Xeral de Saúde Pública encárgase da colaboración cos Centros de Saúde. Ambos organismos encárganse de remitir o material necesario aos colaboradores coa periodicidade adecuada, que consiste en:

- Tubos.
- Enquisa cos datos do hospedeiro (Anexos I/II).
- Sobres co prefranqueo pagado.
- Instrucións para o envío e retirada das carrachas.



Imaxe 1: Tipo de pinzas que se deben empregar para retirar as carrachas



Imaxe 2: Xeito de retirar unha carracha

A colaboración cos **Centros de Saúde** resultou fundamental para que se incrementaran a 94 os centros nos que se colleitaron e enviaron carrachas (recibíronse un total de 465 carrachas obtidas de 362 pacientes que acudiron ós Centros de Saúde e máis unha dunha particular).

ANEXO I: ENQUIA QUE DEBE COMPLETAR O CENTRO SANITARIO DONDE SE ABRASOU

Nome do paciente: _____
Sexo: M F
Idade: _____
Profesión: _____
Localización: _____

1. DATOS DA PERSOIA QUE SE ABRASOU

• Centro de saúde/centro: _____
• Nome do médico/a: _____
• Nome do enfermeiro/a: _____
• Nome do técnico/a: _____

2. DESCRIPCIÓN DO PACIENTE

• Local de residencia: _____
• Tipo de habitación: _____
• Data de inicio da picadura: _____
• Data de retirada da carracha: _____

3. DESCRIPCIÓN DA CARRACHA

• Sexo do animal: _____
• Tipo de habitación: _____
• Data de inicio da picadura: _____
• Data de retirada da carracha: _____

4. OBSERVACIÓN

• Se a carracha se retirou correctamente: SI NON
• Se a carracha se retirou correctamente: SI NON
• Se a carracha se retirou correctamente: SI NON

A CARRACHA QUE SE ABRASOU A CONTINUACIÓN DO TUBO DE ENVÍO

Idade	Sexo	Localización	Profesión	Localización

• Data de inicio da picadura: _____
• Data de retirada da carracha: _____



MOSQUITOS

ENFERMIDADES TRANSMITIDAS POR MOSQUITOS >

MOSQUITO TIGRE (AEDES ALBOPICTUS) >

DISTRIBUCIÓN DOS
AEDES EN EUROPA

Mapa do ECDC

LIGAZÓN DE
INTERESE

MOSQUITO ALERT

MOSQUITOS DO
XÉNERO AEDES

MEDIDAS DE
PROTECCIÓN FRONTE
AOS MOSQUITOS DO
XÉNERO AEDES

MOSQUITO TIGRE
(AEDES ALBOPICTUS)

<https://www.sergas.es/Saude-publica/Mosquitos>



CARRACHAS

As carrachas son pequenos parasitos externos (ectoparasitos) que pertencen á mesma clase que as arañas. Son abundantes no campo, nos bosques e mesmo nos parques e xardíns, e aparecen dende principios da primavera ata finais do outono. Son hematófagos, o que quere dicir que necesitan chupar o sangue dos animais (mamíferos, réptiles e paxaros) para vivir e reproducirse. En ocasións, tamén pican aos humanos.

Trátanse de artrópodos cosmopolitas que pertencen á orde Ixórida. A maior parte atópanse distribuída en dúas familias, Ixodidae ou "carrachas duras" e Argasidae ou "carrachas brandas", cunha ampla variedade de especies. Os ixódidos son os máis importantes dende o punto de vista médico e veterinario. A súa cor varía dende a avermellada, ata a castaña escura ou a negra. Teñen tamén tamaños diferentes dependendo da especie, da idade e do sexo, e de se comeron ou non.

Existen maior cantidade de especies nos climas cálidos e temperados mais o cambio climático, as modificacións dos usos do solo, o movemento das persoas e animais, traen con eles unha maior dispersión xeográfica das carrachas, favorecendo a emerxencia e reemerxencia das enfermidades transmitidas por estas. Ademais as novas rutas migratorias das aves tamén contribuíu enormemente a este feito.



ENFERMIDADES TRANSMITIDAS POR CARRACHAS



AS CARRACHAS EN
EUROPA

Mapas do ECDC

PREVENCIÓN

Protección e retirada de
carrachas

Repelentes fronte ás
carrachas

Remisión de carrachas
para su identificación



☒ REPELENTE FRONTE ÀS CARRACHAS

LISTAXE DE REPELENTE EFICAZES CONTRA A CARRACHA (Fam. Ixodidae) REGISTRADOS/AUTORIZADOS

Para obter o listado de repelentes eficazes contra a carracha, realizouse unha busca exhaustiva nas páxinas oficiais do Ministerio de Sanidade e na Axencia Española de Medicamentos e Produtos Sanitarios.

Expónense a continuación os rexistros consultados e os criterios utilizados para realizar a selección de produtos eficazes contra a carracha (Ixodidae), de uso para o público en xeral e de aplicación tópica e téxtil.

- Rexistro Oficial de Praguicidas do Ministerio de Sanidade (ROP)

<https://www.sanidad.gob.es/ciudadanos/productos.do?tipo=plaguicidas>

Realizar a busca no apartado "número" co código "-50-". Os resultados mostran todos os repelentes autorizados, e non só aqueles que son eficazes para a carracha, polo que se identificou individualmente cada un deles.

- Rexistro Oficial de Biocidas do Ministerio de Sanidade (TP19) (ROB)

<https://www.sanidad.gob.es/ciudadanos/productos.do?tipo=biocidas>

Realizar a busca no apartado "Tipo de produto e finalidade" coa palabra "repelente". Os resultados mostran todos os repelentes e atraentes autorizados. Cómpre consultar a resolución de inscrición en cada un deles para localizar aqueles repelentes eficazes contra a carracha (Ixodidae).

- Axencia española de medicamentos e produtos sanitarios (AEMPS)

<https://www.aemps.gob.es/biocidas-y-cuidado-personal/biocidas-aemps/relacion-de-repelentes-de-uso-humano-autorizados-en-el-registro-de-la-agencia-espanola-de-medicamentos-y-productos-sanitarios-eficaces-frente-a-garrapatas/#>

Os resultados mostran a relación de repelentes de insectos de uso humano, eficazes fronte a carracha, vector de numerosas enfermidades, recomendados para previr a infección asociada.

Debido a que a carracha se localiza no exterior, tivéronse en conta só aqueles repelentes de aplicación tópica (ver TÁBOA 1) e aqueles de aplicación en téxtiles (ver TÁBOA 2), xa que en ocasións a súa picadura pode atravesar algunhas pezas de roupa.

Excluíronse repelentes cuxa aplicación é de ámbito ambiental (aerosois, dispositivos eléctricos) e aqueles cuxa aplicación se restrinxen a persoal profesional ou persoal profesional especializado.

Os rexistros consultados non son pechados, se non que están suxeitos a actualización periódica, polo que poden incorporarse novos produtos ou cancelarse outros que no seu momento estaban autorizados. Para obter unha versión actualizada, débense revisar os rexistros antes mencionados.

LISTAXE DE REPELENTE EFICAZES CONTRA AS CARRACHAS AUTORIZADOS/REXISTROS

Actualización 2 de agosto de 2024

RECOMENDACIÓN DA AEMPS SOBRE A PROTECCIÓN ANTE CARRACHAS

Protección ante carrachas



<https://www.sergas.es/Saude-publica/REPELENTE-CARRACHAS>



MOSQUITO TIGRE (AEDES ALBOPICTUS)

O mosquito tigre, coñecido cientificamente como *Aedes albopictus*, é un mosquito de cor negra, cunha liña branca dende a cabeza ao tórax e manchas brancas en patas e abdome. É unha especie principalmente urbana, activa sobre todo durante o día, e que se esconde en zonas sombrías. Pode transmitir algunhas enfermidades ás persoas, como o dengue, chikungunya ou zika. Aínda que a probabilidade é moi pequena, o control deste mosquito é primordial.



O mosquito tigre cría en pequenos recipientes que acumulan auga estancada durante máis dunha semana (pratos baixo as macetas, auga dos floreiros, bebedeiros das mascotas,...). Nunca deposita os ovos en augas en movemento, como ríos e rías, nin en superficies e volumes de auga importantes (máis de 200 litros), como os estanques. Tampouco se pode desenvolver onde a auga se evapora aos poucos días.

Para combatalo débese:

1. Baleirar cada 3-4 días ou cubrir os obxectos ao aire libre que poidan acumular auga (macetas, cubos, cinceiros, pratos de animais domésticos, sifóns, etc.) para evitar a súa reprodución.
2. Cubrir balsas e piscinas cando non se usen, con lonas que impidan acumular auga.
3. Botar auga de cando en vez nas canaletas, nos desaugadoiros e zonas de drenaxe e vixiar os sistemas de rega.
4. Evitar a acumulación de auga en charcos e ocos das árbores tapándoos con terra

Para evitar a súa picada:

1. Aplica insecticidas e repelentes autorizados contra este insecto.
2. Utiliza mosquiteiras en xanelas, depósitos, recipientes etc., pode evitar o acceso do mosquito e a posta de ovos.
3. Usa roupa que cubra a pel cando esteas no exterior
4. Mantén unha boa hixiene persoal, xa que a suor e os olores fortes atraen aos mosquitos

RECOMENDACIÓNS XERAIS MOSQUITO TIGRE

Recomendacións

Triptico

Cartel

PROGRAMA DE XESTIÓN INTEGRADA DO MOSQUITO TIGRE

Programa

REPELENTES FRONTE O MOSQUITO TIGRE

Listaxe dos repelentes autorizados/ rexistrados



REPELENTES FRONTE O MOSQUITO TIGRE

Listaxe dos repelentes autorizados/ rexistrados

Repelentes

<https://www.sergas.es/Saude-publica/Mosquito-tigre>



MOITAS GRAZAS